



PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA
SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO CONCELLO DE NARÓN

INDICE

CAPITULO 1:	DISPOSICIÓNS XERAIS
CAPITULO 2:	CONDICIÓNS DOS MATERIAIS
CAPITULO 3:	CONDICIÓNS DA EXECUCIÓN
CAPITULO 4:	MEDICIÓN E ABONO
ANEXO 1	



PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

INDICE

CAPITULO UN. DISPOSICIÓN S XERAIS

1.1.- OBXECTO

1.2.- CONDICIÓN S TÉCNICAS ESPECIAIS

1.3.- GARANTIAS

1.4.- ALCANCE DO SERVIZO

1.5.- CADRO DE PREZOS

1.6.- INFORMACIÓN, DOCUMENTACIÓN E COLABORACIÓN

1.7.- PREZOS CONTRADICTORIOS

CAPITULO DOUS. CONDICIÓN S DOS MATERIAIS

2.1.- SINALIZACIÓN VERTICAL MATERIAIS

2.2.- SINALIZACIÓN HORIZONTAL

2.3.- CONTROL DE CALIDADE

2.4.- ENSAIOS

CAPITULO TRES. CONDICIÓN S DA EXECUCIÓN

3.1.- LOCALIZACIÓN DOS TRABALLOS

3.2.- ORDES DE TRABALLO



3.3.- PLAZOS DE EXECUCIÓN

3.4.- AUTORIZACIÓNS E PERMISOS AUXILIARES

3.5.- HORARIOS DOS TRABALLOS

3.6.- FORMA DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

**3.7.- RECEPCIÓN DOS TRABALLOS E DOCUMENTACIÓN
DA SINALIZACIÓN REALIZADA**

3.8.- ORGANIZACIÓN DO SERVICIO

3.9.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO

3.10.- DIRECCIÓN FACULTATIVA E INSPECCIÓN

CAPITULO CATRO. MEDICIÓN E ABONO

4.1.- MEDICION

4.2.- ABONO



PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO CONCELLO DE NARÓN

CAPITULO UN. DISPOSICIÓN S XERAIS

1.1.-OBXECTO

O obxecto do presente Prego é definir as condicións, formas de aplicación, subministro e características dos materiais a empregar na sinalización viaria horizontal e vertical, tanto na adquisición por parte do Concello, como en execución de nova sinalización ou reposicións e mantemento da sinalización horizontal e vertical a realizar pola empresa adxudicataria baixo a supervisión da Policía Local (sinalización). Tamén definir as condicións, subministro e características dos materiais a empregar na sinalización vertical e outros elementos de sinalización viaria.

a. Subministro / execución de nova sinalización:

O adxudicatario a petición da Policía Local (sinalización), procederá á subministración de calquera tipo de sinalización viaria ou sinal vertical, á subministración de materiais de sinalización horizontal ou á execución de calquera tipo de marca viaria, instalación de sinalización vertical de acordo coa normativa vixente e coas unidades de obra e prezos establecidos no Anexo I.

b. Conservación / mantemento da sinalización horizontal e vertical existente

O adxudicatario, a petición da Policía Local (sinalización), realizará calquera tipo de traballo relacionado coa conservación e mantemento da sinalización horizontal e vertical existente.

1.2.- CONDICIÓN S TÉCNICAS ESPECIAIS DOS LICITADORES

Para asegurar que as empresas que se presentan á adxudicación ofrecen garantías económicas e técnicas para cumprir as obrigacións deste prego, cada oferta concorrente deberá xustificar e aportar documentalmente que dispón das seguintes condicións que serán as mínimas esixibles.

- a .- Equipo humano: Un Enxeñeiro Superior ou Graduado en Enxeñería de Obras Públicas legalmente competente, 1 encargado e dous operarios, que polo menos un dos traballadores que se atope a pé de obra posúa un teléfono de contacto, con servizo de mensaxería instantánea.
- b.- A maquinaria e equipos empregados para a aplicación dos materiais utilizados na aplicación das marcas viarias, deberán ser capaces de



aplicar e controlar automaticamente as dosificacións requiridas e conferir unha homoxeneidade á marca viaria tal que garanta as súas propiedades ao longo da mesma.

c.- Elementos auxiliares necesarios para a correcta instalación dos elementos de sinalización vertical.

d.- Medio de contacto 24 horas, correo electrónico e teléfono con servizo de mensaxería instantánea.

1.3.- GARANTÍAS.

Durante este período o contratista reparará á súa costa todos os danos achados nas aplicacións executadas durante o período de vixencia da contrata, sempre que os devanditos danos sexan consecuencia dunha incorrecta execución. Enténdense causas alleas á execución, o uso indebido por parte do público, afundimentos do terreo, catas ou gabras motivadas por outros Servizos e as derivadas por factores climáticos extraordinariamente adversos.

1.4.- ALCANCE DO SERVICIO

Os servizos a prestar por parte do adxudicatario serán:

- Subministración de sinais viarias verticais ao Concello de Narón, a petición expresa da Policía Local (sinalización), do modelo, tipo e simbología que se lle indique á empresa adxudicataria.
- Instalación de calquera tipo de elemento de sinalización viaria ou sinal vertical.
- Aplicación de pintura para sinalización viaria horizontal segundo instrucións da Policía Local (sinalización).
- Subministración de materiais directamente relacionados coas vías públicas competencia do Concello de Narón.
- Mantemento da sinalización horizontal e vertical existente.

1.5.- CADRO DE PREZOS



Será de aplicación o cadro de prezos unitarios ofertado, segundo modelo expresado no Anexo 1 deste Prego, para subministracións de sinais e materiais de sinalización viaria, para a aplicación de marcas viarias e para instalación de calquera tipo de elemento de sinalización viaria ou sinal vertical.

1.6.- INFORMACIÓN, DOCUMENTACIÓN E COLABORACIÓN

O adxudicatario facilitará periodicamente á Policía Local (sinalización) toda a información posible sobre materiais, técnicas, procedementos e novidades do mercado sobre a materia do contrato, facilitando así o seu encargo municipal.

1.7.- PREZOS CONTRADICTORIOS

Se fose preciso para o bo funcionamento dos traballos e conveniente para o concello o establecemento de novos prezos non contidos no Cadro de Prezos aprobado no contrato, procederase á fixación do prezo correspondente segundo o disposto na lexislación vixente.

CAPITULO DOUS CONDICIÓN DOS MATERIAIS

2.1. SINALIZACIÓN VERTICAL.- MATERIAIS

A forma, dimensións e cores, axustaranse ás características que fixa o catálogo oficial de sinais de circulación do Ministerio de Obras Públicas e Transportes, as cales figuran como anexo ao Regulamento de Circulación aprobado polo Real Decreto nº 1428/2003 (B.O.E. 23 de decembro de 2003), así como ás "Recomendacións para a Sinalización Informativa Urbana" de A.I.M.P.E.. no referente á Sinalización Informativa.

A normativa aplicable na Sinalización Vertical:

- Norma 8.1-IC. Sinalización Vertical, da Instrución de Estradas. (Ministerio de Fomento, 2014). Orde FOM/534/2014, de 20 de marzo. (BOE num. 83, 05/04/2014)
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes (PG-3). Sinalización, balizamento e sistemas de contención. Ministerio de Fomento. Orde FOM 2523/2014, de 12 de decembro. (BOE num. 3, 03/01/2015)
- Sinais Verticais de Circulación. (MOPT 1992).
Tomo I. Características dos Sinais



Tomo II. Catálogo e significado dos sinais

- Catálogo de nomes primarios e secundarios. Xuño de 1998
- Sinalización do Camiño de Santiago. Nota de Servizo 1/2008. Dirección Xeral de Estradas. (Ministerio de Fomento, 2009)
- Manual do Sistema de Sinalización Turística Homologada da Rede de Estradas do Estado (SISTHO). (Ministerio de Fomento, 2014)
- UNE 135311 Sinalización vertical. Elementos de sustentación e ancoraxe. Hipótese de cálculo.
- UNE 135312 Sinalización vertical. Ancoraxes para placas e lamas utilizadas nos sinais, carteis e paneis direccionais metálicos. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135313 Sinalización vertical. Placas de chapa de aceiro galvanizada. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135314 Sinalización vertical. Perfís de aceiro galvanizado empregados como postes de sustentación de sinais, carteis laterais e paneis direccionais. Elementos móbiles de sustentación. Tornillería. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135320 Sinalización vertical. Lama de chapa de aceiro galvanizada. Tipos A e B. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135321 Sinalización vertical. Lamas de perfil de aluminio obtido por extrusión. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135331 Sinalización vertical. Sinais metálicos permanentes. Zona non retrorreflectante. Pinturas. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135332 Sinalización vertical. Placas e lamas dos sinais, carteis e paneis direccionais metálicos utilizados na sinalización vertical permanente. Materiais. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135333 Sinalización vertical. Placas e lamas dos sinais, carteis e paneis direccionais metálicos utilizados na sinalización vertical permanente. Materiais. Ensaio de comprobación.
- UNE 135334 Sinalización vertical. Láminas retrorreflectantes con microesferas de vidro. Características e métodos de ensaio.



PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA
SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO CONCELLO DE NARÓN

- UNE 135336 Sinalización vertical. Placas e lamas dos sinais, carteis e paneis direccionais metálicos utilizados na sinalización vertical temporal. Materiais. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135337 Sinalización vertical. Sinais, carteis e paneis direccionais metálicos. Embalaxe, almacenamento, manipulación, transporte e instalación. Materiais. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135340 Sinalización vertical. Láminas retrorreflectantes microprismáticas poliméricas. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135340 1M Sinalización vertical. Láminas retrorreflectantes microprismáticas poliméricas. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135340 2M Sinalización vertical. Láminas retrorreflectantes microprismáticas poliméricas. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135341 IN Sinalización vertical. Guía de utilización de materiais retrorreflectantes de clase ou nivel 3 (UNE 135340)
- UNE 135352 Sinalización vertical e balizamento. Control de calidade "in situ" de elementos en servizo. Características e métodos de ensaio.
- UNE 135360 Sinalización vertical. Balizamento. Fitos de vértice en material polimérico. Características, dimensións e métodos de ensaio.
- UNE 135362-1 Sinalización vertical. Balizamento. Parte 1: Fitos de aresta de policloruro de vinilo (PVC ríxido). Características, medidas e métodos de ensaio.
- UNE 135362-2 Sinalización vertical. Balizamento. Parte 2: Fitos de aresta de materiais distintos ao policloruro de vinilo (PVC ríxido). Características, medidas e métodos de ensaio.
- UNE 135363 Sinalización vertical. Balizamento. Balizas cilíndricas permanentes en material polimérico. Características, medidas e métodos de ensaio.
- UNE 135366 Sinalización vertical. Captafaros verticais. Características e métodos de ensaio.
- UNE-EN 12899-1 Sinais verticais fixas de circulación. Parte 1: Sinais fixos.
- UNE-EN 12899-2 Sinais verticais fixas de circulación. Parte 2: Bolardos internamente iluminados.



- UNE-EN 12899-3 Sinais verticais fixas de circulación.
Parte 3: Delineadores e dispositivos retrorreflectantes.
- UNE-EN 12899-4 Sinais verticais fixas de circulación.
Parte 4: Control de produción en fábrica.
- UNE-EN 12899-5 Sinais verticais fixas de circulación.
Parte 5: Ensaio de tipo iniciais.
- PREN 12899-6 Sinais verticais fixas de circulación.
Parte 6: Características visuais dos materiais de láminas retrorreflectantes.
- UNE-EN 13422 + A1 Sinalización vertical de estradas. Dispositivos de advertencia portátiles deformables e delineadores. Sinalización de tráfico portátil para estradas. Conos e cilindros.

Coa entrega de cada subministro de material utilizable na sinalización vertical, achegarase un albarán que describa a mercancía entregada, así como, tamén os certificados de calidade que posúan os produtos.

2.2. SINALIZACION HORIZONTAL

- Norma 8.2 IC. Marcas Viarias, da Instrución de Estradas. (Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio, 1987). Orde de 16 de xullo de 1987. (BOE num. 185 de 4/8/1987 e Corrección de erros BOE num. 233 de 29/9/1987)
- Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Obras de Estradas e Pontes (PG-3). Sinalización, balizamento e sistemas de contención. Ministerio de Fomento. Orde FOM 2523/2014, de 12 de decembro. (BOE num. 3, 03/01/2015) Marcas viarias e Captafaros retrorreflectantes de utilización en sinalización horizontal.
- ORDE FOM/3053/2008, de 23 de setembro, pola que se aproba a Instrución Técnica para a instalación de redutores de velocidade e bandas transversais de alerta en estradas da Rede de Estradas do Estado. (BOE num. 261 de 29/10/2008)
- Nota de Servizo 2/2007, de 15 de febreiro, sobre os criterios de aplicación e de mantemento das características da sinalización horizontal
- Guía para o proxecto e execución de obras de sinalización horizontal. Ministerio de



Fomento, 2012.

- UNE 135201 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Pinturas. Determinación da resistencia ao sangrado (método da probeta asfáltica)
- UNE 135202 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Pinturas e plásticos en frío. Determinación do tempo de secado "non pick-up".
- UNE 135203-1 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Materiais. Ensaio de abrasión en laboratorio.
Parte 1: Determinación da resistencia á abrasión mediante o método Taber.
- UNE 135203-2 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Materiais. Ensaio de abrasión en laboratorio.
Parte 2: Determinación da resistencia á abrasión mediante o método de caída dun abrasivo.
- UNE 135204 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Control de calidade. Comportamento en servizo.
- UNE 135205 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Termoplásticos. Métodos de ensaio. Determinación da densidade en frío de materiais termoplásticos.
- UNE 135212 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Pinturas. Métodos de ensaio. Determinación da materia fixa. Método instrumental.
- UNE 135214-1 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Marcas viarias. Visibilidade diúrna das marcas viarias en relación co pavimento que as soporta.
Parte 1: Determinación puntual da relación de contraste (R_c) mediante o factor de luminancia das marcas viarias co pavimento.
- UNE 135214-2 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Marcas viarias. Visibilidade diúrna das marcas viarias en relación co pavimento que as soporta.
Parte 2: Determinación do contraste diúrno (C_d) mediante as luminancias das marcas viarias e o pavimento.
- UNE 135221 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Termoplásticos de aplicación en quente. Determinación da estabilidade á calor.



- UNE 135222 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Termoplásticos de aplicación en quente. Determinación do punto de reblandecemento (método anel e bóla)
- UNE 135223 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Termoplásticos de aplicación en quente. Determinación da resistencia ao fluxo.
- UNE 135274 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Marcas viarias. Determinación da dosificación de material base e materiais de postmezclado.
- UNE 135277-1 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Maquinaria de aplicación.
Parte 1: Clasificación e características.
- UNE 135277-2 Equipamento para a sinalización viaria. Sinalización horizontal. Maquinaria de aplicación.
Parte 2: Métodos de ensaio.
- UNE-EN 1423 Materiais para sinalización viaria horizontal. Materiais de postmezclado. Microesferas de vidro, áridos antiescorregadizos e mesturas de ambos.
- UNE-EN 1423/AC Materiais para sinalización viaria horizontal. Materiais de postmezclado. Microesferas de vidro, áridos antiescorregadizos e mesturas de ambos.
- UNE-EN 1424 Materiais para sinalización viaria horizontal. Microesferas de vidro de premezclado.
- UNE-EN 1424/A1 Materiais para sinalización viaria horizontal. Microesferas de vidro de premezclado.
- UNE-EN 1436 + A1 Materiais para sinalización viaria horizontal Comportamento das marcas viarias aplicadas sobre a calzada.
- UNE-EN 1463-1 Materiais para sinalización viaria horizontal. Captafaros retrorreflectantes.



Parte 1: Características iniciais de comportamento.

- UNE-EN 1463-2 Materiais para sinalización viaria horizontal. Captafaros retrorreflectantes.

Parte 2. Especificacións para o ensaio de campo.

- UNE-EN 1824 Materiais para sinalización viaria horizontal. Probas de campo.
- UNE-EN 1871 Materiais para sinalización viaria horizontal. Propiedades físicas.
- UNE-EN 12802 Materiais para sinalización viaria horizontal. Métodos de laboratorio para a identificación.
- UNE-EN 13197+A1 Materiais para sinalización viaria horizontal. Simulador de desgaste. Mesa xiratoria.
- UNE-EN 13212 Materiais para sinalización viaria horizontal. Requisitos para o control de produción en fábrica.
- UNE-EN 13459 Materiais para sinalización viaria horizontal. Control de calidade. Toma de mostras das provisións e ensaios.

2.3 CONTROL DE CALIDADE

Para poder asegurar a calidade de todos os produtos e polo tanto o cumprimento das características especificadas ao respecto na normativa **UNE** aplicable, así como outros requisitos establecidos, as empresas concursantes disporán de:

- Por un lado, un sistema de Aseguramento da calidade, implantado e certificado segundo a norma **UNE.EN.ISO 9001**
- Por outro, os produtos disporán de Certificado ou Marca de Calidade, que garantirá o cumprimento da normativa **UNE** no campo da sinalización.

2.4. ENSAIOS

O Servizo Municipal competente poderá ordenar ao contratista, con cargo ao mesmo, aqueles ensaios que considere necesarios para garantir a calidade dos materiais subministrados.



Os custos totais por gastos de ensaios non sobrepasarán o un por cento (1%) do presuposto contratado e axustarase nos aspectos non previstos neste prego ao establecido no PG-3 parte 7.

CAPITULO TRES. CONDICIÓN DA EXECUCIÓN

3.1.- LOCALIZACIÓN DOS TRABALLOS

O contratista estará obrigado a executar todas as aplicacións e subministracións, seguindo estritamente as instrucións e indicacións do Servizo Municipal competente, dentro do termo municipal de Narón, en relación á sinalización viaria.

O contratista disporá dos medios necesarios de sinalización de protección dos seus operarios, para a correcta execución dos traballos.

3.2.- ORDENES DE TRABALLO

A fixación das Ordes de Traballo corresponde á Policía Local (sinalización) e poden ser de catro tipos:

As de conservación, mantemento ou eliminación de marcas viarias existentes.

As de aplicar marcas viarias novas.

As de reposición de sinalización vertical por deterioro.

As de colocación de sinalización vertical nova.

A empresa só fará aqueles traballos que se indiquen polo responsable do contrato, que marcará a data de inicio do mesmo e o tempo máximo de execución.

En calquera caso, para a execución dos servizos, o lugar, forma, modo e hora da execución dos traballos serán determinados, en cada caso, polas circunstancias dos mesmos e as necesidades do tráfico.

A comunicación do adxudicatario poderá ser por calquera de los medios de comunicación dispoñibles, debendo en calquera caso formalizarse por escrito.

3.3.- PRAZOS DE EXECUCIÓN



O prazo de execución de cada orde establecerase en función do tipo de traballo que contén e da cantidade de unidades a executar. Para o seu cálculo, Policía Local (sinalización) terá en conta os rendementos de aplicación das unidades en cuestión.

De todas formas establécese como tempos mínimos de instalación, aplicación e subministración os seguintes:

- **Moi Urxente:** A executar no prazo máximo de 24 horas.
- **Urxente:** A executar no prazo máximo de 2 días.
- **Necesario:** A executar no prazo máximo de 7 días.
- **Normal:** A executar no prazo máximo de 15 días.

3.4.- AUTORIZACIONES E PERMISOS AUXILIARES

Será obrigación do contratista adoptar cantas precaucións poidan ser conducentes a evitar desgrazas e prexuízos, sendo responsable de todo aquilo que poida orixinarse durante as obras e traballos. Para a execución dos traballos deberá terse en conta o previsto no Regulamento Xeral de Circulación, toda aquela normativa que poida ter aplicación aos traballos de que se trata, as medidas de seguridade viaria e peonil que resulten necesarias e todas cantas previsións de seguridade xulgue necesarias o responsable do contrato.

O adxudicatario procederá á colocación á súa costa dos elementos de protección, seguridade e sinalización que sexan precisos en función do traballo a realizar e a súa duración.

Os ditos elementos cumprirán coa normativa xeral aplicable e en particular coa Norma de Estradas 8.3 IC.

No caso de que os servizos afecten ao estacionamento de vehículos, o contratista colocará sinais móbiles de prohibido estacionar cun mínimo de 48 horas de antelación, baixo a supervisión da Policía Local.

3.5.- HORARIO DOS TRABALLOS

As obras poderán executarse en horario tanto diurno como nocturno. Realizaranse de forma que ocasionen as mínimas molestias na vía pública, adaptando os cambios ás exixencias do horario e tráfico, efectuando as operacións de acordo coas normas e instrucións que se lles facilite. Serán a cargo da empresa a



regulación e sinalización dos posibles desvíos do tráfico a realizar mentres se executen as obras, estando en todo momento coordinados coa Policía Local.

3.6.- FORMA DE EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

Todos os materiais utilizados e subministrados cumprirán co especificado no presente Prego de Condicións.

Para a aplicación da sinalización horizontal sobre calquera superficie, é condición indispensable que esta se atope limpa, exenta de material solto ou mal adherido e perfectamente seca. Así mesmo se empregarán sistemas de pulverización sen aire para a súa aplicación, por resultar menos contaminante e conseguir maior calidade de acabado.

PREPARACION DO PAVIMENTO

Antes de proceder á aplicación da marca viaria realizarase unha inspección do pavimento co fin de comprobar o seu estado superficial e posibles defectos existentes. Cando sexa necesario, farase unha limpeza da superficie para eliminar a suciedade ou outros elementos contaminantes que puideran influír negativamente na calidade e durabilidade da marca viaria a aplicar.

A marca viaria que se aplique será, necesariamente, compatible co substrato (pavimento ou marca viaria antiga); no caso contrario, deberá efectuarse o tratamento superficial máis adecuado (borrado de marca viaria existente, aplicación dunha imprimación, etc). No caso específico de pavimentos de formigón, antes de proceder á aplicación da marca viaria, deberán eliminarse todos aqueles materiais utilizados no proceso de curado do formigón que aínda se atopasen sobre a súa superficie. Se o factor de luminancia do pavimento fose superior a quince centésimas (0,15), rebordearase a marca viaria a aplicar cun material de color negro a ambos os lados e cun ancho aproximadamente igual á metade do correspondente á marca vial.

LIMITACIÓNS Á EXECUCIÓN

A aplicación dunha marca viaria efectuarase, cando a temperatura do substrato (pavimento ou marca viaria antiga) supere polo menos en tres grados Celsius (3°C) ao punto de rocío. A dita aplicación, non poderá efectuarse se o pavimento está húmido ou a temperatura ambiente non está comprendida entre cinco e corenta grados Celsius (5°C a 40°C), ou se a velocidade do vento fora superior a vinte e cinco kilómetros por hora (25 km/h).

3.7.- RECEPCIÓN DOS TRABALLOS E DOCUMENTACIÓN DA SINALIZACIÓN REALIZADA



Unha vez realizado o servizo, recabarase o conforme do Servizo de Tráfico, que o farán constar na Orde de Traballo, xunto coa data.

O Contratista, á súa costa, vén obrigado á entrega mensual da relación dos traballos efectuados na que se farán constar:

Data de execución

Tipo de Traballo.

Elementos utilizados

Dimensións e ubicación dos elementos realizados.

Certificados de calidade que posúan os produtos e certificado conforme a instalación e/ou aplicación dos materiais se realizou segundo o establecido na ficha técnica do produto empregado.

3.8.- ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Ao fronte do Servizo, o adxudicatario deberá dispor dun titulado de grao medio (como mínimo) como xefe do mesmo que será o responsable da súa xestión e da relación co concello, debendo estar localizable durante a xornada laboral en todo momento mediante teléfono móbil por si se requirira a súa presenza ou intervención no desenvolvemento dos traballos. Excepcionalmente e sempre que se produza unha situación de urxencia o responsable do contrato poderá poñerse en contacto con el fóra do horario e da xornada laboral.

Igualmente o adxudicatario deberá contar cos medios humanos e auxiliares necesarios para cumprir coas prestacións fixadas. Con tal fin o adxudicatario se compromete a poñer a disposición do Concello, nun prazo máximo de 24 horas, como mínimo un equipo constituído por 3 operarios con vehículo, maquinaria, ferramentas e materiais adecuados para a execución dos traballos relacionados coa sinalización horizontal.

3.9.- RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO

Será responsable o adxudicatario do incumprimento dos preceptos establecidos nas Ordenanzas Municipais. As infraccións serán sancionadas con multas da contía correspondente á resolución que municipalmente se adopte, segundo a súa importancia; ademáis de ser directamente responsable de cantos accidentes poidan producirse polas mesmas causas.



O adxudicatario non terá dereito, baixo pretexto ningún á indemnización en todo nin en parte, polas perdas, avarías ou prexuízos ocasionados pola súa negligencia, imprevisión, falta de medios, cálculos equivocados, operacións erróneas ou falsas maniobras, pois baixo este concepto, este contrato se fai por conta e risco.

Todo o persoal que utilice a empresa adxudicataria para a realización dos servizos obxecto deste concurso terá dependencia laboral da mesma en todo momento, sen que o concello teña relación xurídica, laboral, nin doutra índole, co persoal da empresa.

En ningún caso poderá alegar o persoal da empresa adxudicataria dereito ningún fronte ao concello que non estea prefixado legalmente nin durante a vixencia do contrato nin ao seu término, xa se cumprira o prazo do contrato ou resolto o mesmo, por calquera das causas previstas na normativa aplicable en materia de contratación administrativa.

Se por calquera causa fora imposta ao concello responsabilidade principal ou subsidiaria derivada da relación laboral, por autoridade, organismo ou tribunal, a empresa adxudicataria virá obrigada a resarcirle o importe económico da dita responsabilidade.

Igualmente o adxudicatario será responsable da correcta execución dos traballos, tanto durante o tempo de duración dos mesmos, como unha vez acabados estes, evitando en todo momento producir molestias y danos, tanto a persoas como a bens y, en caso de producirse, responsabilizándose de los mesmos. A tal fin deberá ter suscrito el correspondiente seguro de responsabilidade civil.

3.10.- RESPONSABLE DO CONTRATO

Os traballos efectuaranse de acordo cos criterios do responsable do contrato, quen fará as indicacións verbais ou por escrito que estime convenientes para o desenvolvemento correcto do contrato, e poderá suspender as prestacións obxecto da mesma cando o material non reúna as condicións xerais de boa execución e demais establecidas no Prego.

A Policía Local (sinalización) poderá, así mesmo, tomar en calquera momento as mostras que considere necesarias, para o seu envío ao laboratorio e inspeccionar cada fase de execución na forma que estimen oportuno.

Toda execución de traballos de subministración de material ou aplicación de pintura que non este de acordo coas condicións técnicas a xuízo da Policía Local (sinalización), terán que ser substituídos ou refeitos por conta do contratista.

Cando a xuízo del contratista, sexa necesario instalar algún material distinto



ou suplementario do especificado no pedido, deberá solicitarse da Policía Local (sinalización) a oportuna autorización, que lle será entregada por escrito no caso de que pola dita dirección se estime conveniente esta medida.

Todos os traballos que ten que efectuar o contratista deberán ser ordenados por escrito pola Policía Local (sinalización) mediante a recollida Diaria dos Partes de Traballo nas dependencias da Policía Local (sinalización); a realización dos ditos traballos reflectirase igualmente na entrega diaria dos partes de traballo realizados para a súa comprobación e inspección. Excepcionalmente admitirase o encargo de traballos, con carácter urgente, en forma verbal, por teléfono, correo electrónico ou fax, sen prexuízo da súa posterior confirmación por escrito.

CAPITULO CATRO. MEDICIÓN E ABONO

4.1.- MEDICION

O modo de medición será idéntico ao modo relacionado no Cadro de Prezos aprobado no contrato, é dicir, mediranse por Unidade, Metro lineal ou Metro Cadrado os diferentes elementos utilizados nos traballos encomendados.

4.2.- ABONO

Mensualmente, a empresa presentará aos Servizos Técnicos Municipais unha relación dos traballos e subministracións realmente efectuados durante o correspondente mes, con base á que se efectuará a relación valorada mensual.

A valoración será o resultado de aplicar o Cadro de Prezos á Medición efectuada.

A medición será comprobada conxuntamente entre persoal cualificado da Administración e da Contrata.

Sobre a valoración resultante emitirase a correspondente factura na forma adecuada.

O Intendente Xefe da Policía Local

Eduardo Pita García



PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA
SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO CONCELLO DE NARÓN

Anexo I

SUBMINISTRACIÓN	PREZO
SINAL CIRCULAR 600 N1 ou Engineer Grade	40 €
SINAL CIRCULAR 900 N1 ou Engineer Grade	45 €
SINAL CIRCULAR 600 N2 ou High Intensity	50 €
SINAL CIRCULAR 900 N2 ou High Intensity	100 €
SINAL CIRCULAR 600 N3 ou Diamond Grade	70 €
SINAL CIRCULAR 900 N3 ou Diamond Grade	110 €
SINAL OCTOGONAL 600 N1 ou Engineer Grade	40 €
SINAL OCTOGONAL 900 N1 ou Engineer Grade	45 €
SINAL OCTOGONAL 600 N2 ou High Intensity	50 €
SINAL OCTOGONAL 900 N2 ou High Intensity	100 €
SINAL OCTOGONAL 600 N3 ou Diamond Grade	70 €
SINAL OCTOGONAL 900 N3 ou Diamond Grade	110 €
SINAL CADRADO 600 N1 ou Engineer Grade	40 €
SINAL CADRADO 900 N1 ou Engineer Grade	45 €
SINAL CADRADO 600 N2 ou High Intensity	50 €
SINAL CADRADO 900 N2 ou High Intensity	100 €
SINAL CADRADO 600 N3 ou Diamond Grade	70 €
SINAL CADRADO 900 N3 ou Diamond Grade	110 €
SINAL TRIANGULAR 700 N1 ou Engineer Grade	40 €
SINAL TRIANGULAR 900 N1 ou Engineer Grade	45 €
SINAL TRIANGULAR 700 N2 ou High Intensity	50 €
SINAL TRIANGULAR 900 N2 ou High Intensity	100 €
SINAL TRIANGULAR 700 N3 ou Diamond Grade	70 €
SINAL TRIANGULAR 900 N3 ou Diamond Grade	110 €
PLACA COMPLEMENTARIA ATÉ 60x30 N1 ou Engineer Grade	30 €
PLACA COMPLEMENTARIA ATÉ 60x30 N2 ou High Intensity	40 €
PLACA COMPLEMENTARIA ATÉ 60x30 N3 ou Diamond Grade	60 €
ml POSTE GALVANIZADO 80x40x3	8 €
ml POSTE GALVANIZADO 100x50x3	10 €
ml POSTE GALVANIZADO 50 ø x3	5 €
ml POSTE GALVANIZADO 60 ø x3	5 €
BRAZO SOPORTE SINAL PAREDE	16 €
BRAZO SOPORTE ESPELLO PAREDE	18 €
ESPELLO IRROMPIBLE 60	95 €
ESPELLO IRROMPIBLE 80	140 €



PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA
SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO CONCELLO DE NARÓN

COXÍN BERLINÉS 3 m longo x 1,8 m ancho x 6,5 cm alto	1.100 €
COXÍN BERLINÉS 2,25 m longo x 1,8 m ancho x 6,5 cm alto	725 €
COXÍN BERLINÉS 1,5 m longo x 1,8 m. ancho x 6,5 cm alto	550 €
COXÍN BERLINÉS 3,2 m longo x 1,7 m. ancho x 7,5 cm alto	1.060 €
COXÍN BERLINÉS 2,7 m longo x 1,7 m. ancho x 7,5 cm alto	880 €
COXÍN BERLINÉS 2,2 m longo x 1,7 m. ancho x 7,5 cm alto	715 €
COXÍN BERLINÉS 1,7 m longo x 1,7 m. ancho x 7,5 cm alto	540 €
BANDA REDUC. VEL. 50x60x3	25 €
BANDA REDUC. VEL. 50x60x5	30 €
TERMINAL BANDA 3 cm.	12 €
TERMINAL BANDA 5 cm.	15 €
MAN DE OBRA	
COLOCACIÓN SINAL EN POSTE EXISTENTE	11 €
COLOCACIÓN SINAL EN BRAZO EXISTENTE	11 €
COLOCACIÓN SINAL E POSTE	37 €
COLOCACIÓN SINAL E BRAZO	37 €
COLOCACIÓN SINAL EN FAROL	30 €
COLOCACIÓN SINAL EN PAREDE	37 €
COLOCACIÓN ESPELLO EN POSTE EXISTENTE	11 €
COLOCACIÓN ESPELLO EN BRAZO EXISTENTE	11 €
COLOCACIÓN ESPELLO E POSTE	37 €
COLOCACIÓN ESPELLO E BRAZO	37 €
COLOCACIÓN ESPELLO EN FAROL	30 €
COLOCACION PLACA COMPLEMENTARIA EN POSTE	11 €
COLOCACION PLACA COMPLEMENTARIA EN BRAZO	11 €
RECOLOCAR OU REORIENTAR ESPELLO	30 €
COLOCACIÓN PLACA COMPLEMENTARIA EN POSTE EXISTENTE	11 €
COLOCACIÓN PLACA COMPLEMENTARIA EN BRAZO EXISTENTE	11 €
COLOCACIÓN PLACA COMPLEMENTARIA EN FAROL	30 €
COLOCACIÓN PLACA COMPLEMENTARIA EN PAREDE	37 €
COLOCACIÓN COXÍN 3 m longo x 1,8 m ancho x 6,5 cm alto	1.100 €
COLOCACIÓN COXÍN 2,25 m longo x 1,8 m ancho x 6,5 cm alto	725 €
COLOCACIÓN COXÍN 1,5 m longo x 1,8 m. ancho x 6,5 cm alto	550 €
COLOCACIÓN COXÍN 3,2 m longo x 1,7 m. ancho x 7,5 cm alto	1.060 €
COLOCACIÓN COXÍN 2,7 m longo x 1,7 m. ancho x 7,5 cm alto	880 €
COLOCACIÓN COXÍN 2,2 m longo x 1,7 m. ancho x 7,5 cm alto	715 €
COLOCACIÓN COXÍN 1,7 m longo x 1,7 m. ancho x 7,5 cm alto	540 €



**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA
SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO CONCELLO DE NARÓN**

COLOCACION BANDA REDUCTORA UNIDADE	15 €
RETIRAR BANDA REDUCTORA UNIDADE	13 €
COLOCACION TERMINAL BANDA REDUCTORA	11 €
RETIRAR TERMINAL BANDA REDUCTORA.	9 €
RETIRAR SINAL AO ALMACEN DA POLICÍA	10 €
RETIRAR SINAL, ESPELLO, E/OU POSTE/BRAZO AO ALMACEN	10 €
SINALIZACIÓN HORIZONTAL	
ml PREMARCAJE	0,05 €
ml BANDA 10 cm. ACRILICA	0,30 €
ml BANDA 10 cm. DOUS COMPOÑENTES	0,60 €
ml BANDA 15 cm. ACRILICA	0,40 €
ml BANDA 15 cm. DOUS COMPOÑENTES	0,70 €
ml BANDA 20 cm. ACRILICA	0,50 €
ml BANDA 20 cm. DOUS COMPOÑENTES	0,80 €
ml BANDA 30 cm. ACRILICA	0,70 €
ml BANDA 30 cm. DOUS COMPOÑENTES	1,20 €
ml BANDA 40 cm. ACRILICA	0,90 €
ml BANDA 40 cm. DOUS COMPOÑENTES	2 €
m2 CEBREADO ACRILICA	7 €
m2 CEBREADO DOUS COMPOÑENTES	13 €
m2 SÍMBOLOS E FRECHAS ACRILICA	8 €
m2 SIMBOLOS E FRECHAS DOUS COMPOÑENTES	14 €
UD. PRAZA DISCAPACITADO LIÑA Orde VIV/561/2010	100 €
UD. PRAZA DISCAPACITADO BATERÍA Orde VIV/561/2010	120 €
UD. PRAZA ESTACIONAMENTO BATERIA	8 €
UD. PRAZA ESTACIONAMENTO LIÑA	4 €
m2 FRESADO MARCA VIARIA	10 €
Ml FRESADO LIÑA	1,50 €
m2 BORRADO CON PINTURA NEGRA	7 €
ml. BORRADO CON PINTURA NEGRA	0,35 €
m2 REJILLA AMARELA SUPERFICIE TOTAL	4 €
ml BORDO AMARELO OU AZUL 2 CARAS	0,70 €
ml LINEA 10 cm. AMARELA OU AZUL	0,35 €
ml LINEA 15 cm. AMARELA OU AZUL	0,35 €

